

A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

En Cruña ó mes, 40 cts. Fora trimestre, 1'50 ptas.
Este d'un número, 15 América id.... 2

PAGO ADIANTADO


NUMERO 103

A CRUÑA 25 DE OUTONO DE 1919

Redacción e Administración:

PLAZA DE MARIA PITA, 17, BAIXO
(Irmandade da Fala)

NO PRIMEIRO ANIVERSARIO DA MORTE DO APOSTOL



† O 27 D'OUTONO DE 1918

Fai un ano que se finou o irmao elcheio Levounolo aquela doenza cativa, Lus; o irmao, dino d'aparecere es-aquela gripe epidémica que foi azote da bo con inicial maiúscula, ande queira nosa Terra e de tódal-as terras do mundo. ; Aquela gripe treicioneira que, inda

sen deseiarlle a morte a nengúen, temos que dicir, pois o feito é certo, que non derrubou a un soilo cacique de soa!

Porteiro, con todo, non morreu senon corporalmente para nós. O seu espírito xigante, a súa i-alma de rexo loitadore, outiva e forte com'os pinos da serra, loná d'unha nobreza sinxela para os amigos e amantes da Patria galega e d'unha acometividade abalante e aburadora para os enemigos da liberdade rexional, inda vive en nós, e vivirá de coite, facéndonos lembrar dos eucaliptos imensos, etias duas crases de follas—mhas de xeito de fouces e outras de xeito difrente—poderian repersentare aquelas características opostas do insigne Porteiro que fican sinaladas. Ao falar do imortal apóstol do galeguismo sempre nos ocorre o mesmo: que a pruma fúxenos na busca de imáxes correspondentes a ouxetos naturaes, puros e outos, que s'erguen audaces cara ó ceo, sen deixar un soilo momento de chantaren as suas raíces na terra, de que son fillos, cada vez mais. Porque, Porteiro era asin: un froito espréndido de natureza galega; un home de corazón com'o cerebro; ambos imensos. Xenial na simpatía e no amore, xenial tamén no pensamento e no discurso. Físicamente gallardo e barudo; moralmente, admirabile. Ourador elocuentísimo, escritor elegante e culto; espírito esquisito, aristocrático, exemprar. ; Inda parez onte cando oubíamolo, ergueito na tribuna, coa melena de líón, revolta, deitando pol-a súa boca a i-auga cristiãna da súa oratoria, ora serca com'o espello do lázo, refrexando imáxes fermosas, ora puxante e ruxidora, com'as fervenzas da campia! ; Inda parez onte, cando dábanos instrucións para a Asamblea nazonalista de Lugo, e inspiración para artigos relacioados e'o romate da guerra! ; Inda parez onte cando sentado diante dos seus discípulos na cátedra da Uni-

versidad de Santiago lles ensinaba mais moderno Dereito! ¡Inda paronte cando os pobres labregos escravid a campia, logo d'escoitaren a verlostregante de Porteiro, nos mítins agrarios, diciáanse uns ós outros: «que terrbre e que bó é o noso don Lois!» ¡Incparez onte cando El chantouille nas estranas, con civismo notorio, ao gassetimo noxento, o arpón do esu «J'acusse inequiescente!»

As páxinas de A NOSA TERRA cutodian como gardas d'un santo sepreto, moitas xeniales verbas do Loitador. E os que escribimos este boletín, as «Irmandades da Pala», e os nazonlistas galegos, témola seguridade de que a lembranza de Lois Porteiro Garea, h durare canto nós vivamos. E inda maisen dúbida: por que o recordo do xenimorto saberemos trasmitilo ós noso fillos.

Inspirarse nas suas virtudes, seguirseus consellos lumiosos, para nós e uo del'er que temos xurado comprir.

Porteiro é inmortal tanto como polasua obra, polo noso amore.

¡MALPOCADO!

Acochadiños no abraiante agarimda orfandade os fillos do Apostol va crescendo... ¡Malpocado! Dous pequerechos sen pai, dous meniños que chegarán a homes baixo o negro e mornocobixo d'unhas tocas de pobre viuda.

¡Como retoños do carballo forte e barudo que tumbou a tormenta na fraga, unha mañán d'outono! Retoño que lembrarán ó pai sen telo case co preido... Retoños que han ser arbres erqueitas e fortes tamén. Ar'recheas de folliañas onde cantarán paxéros. Paxáros saudadores da aurora, da fermosa aurora do arelado amancergelego...

Cando deades sembra, os que á sombra agarimosa do carballo forte que tumbou a tormenta unha noite d'outono celebraren o idilio do seu corazón e o meigo corazón da Terra, poñerán en vós, levando nos, o'liños cansos polavellez entolladora lus d'amore, toda a súa i-alma feita lembranza saudosa e nazonalista gallega, aquelas doutrinas doce para aquél que se foi, entre bátheas de sabencia, que incansable espagoas acedas, deixándovos herdeiros d'un nome limpo e d'unha virtú sen lixos nen mágoas.

¡Nosos meniños cuia cariña inda quenta unha nai triste e chorosa e o calorciño da súa! Cando saiaes dos anos da inocencia—estreleceros no

tal, brincos de sol nas risadas cristais as da i-auga—sobre as vosas cabezas en nimbo d'esperanza, orfas parampre dos cariños da man paterna, ¡ova Galicia poñerá con santa crueldade a dura obriga de que continuedes: a obra do carballo forte e barudo moardo do azul, que tumbou a tormenta n'unha mañán d'outono... ¡Caroliños miudos inda tan a rentes de hán...!

Os xonillos do voso pai qu'en ninures veu un tirán da Patria escravadidos ós seus pes, non poideron, e, serviros de cabalo choutador nas pedas dos xogos infantís. Os vosos xonillos de Lomes, entroques, qu'is saben pero que, os netos do Apostol, s'ataigan a seren rexos e gallardos valerosos custodios do ideal da Patria bre triunfante do santo Gral do galeguismo aceso.

Aquel carballo forte e barudo que óter na fraga verdecente, chba de flores rovas, abriu as fontelas do pranto nas i-almas enxebres, as fontelas que egan con auga d'amore os dous retoños que crescen na orfandade... Aquel carballo non morreu, revive en vós. E ós, pequerrechiños sinxelos, seredes om'os ollos d'un símbolo representati-o. Un mito oposto ó dos fillos de Rebeca. Os dous para Galicia, inda que Galicia, durmente e inxusta tivera feios de maíra para vós....

¡Oh, príncipesiños da novecentista ristoeracia galega!

A. VILLAR PONTE.

TRISTE DATA

Fai agora un ano que falta a águia. Un ano, que fuxeu d'entre nosoutros, aquel forte loitador, de fondos pensamentos e acesas verbas, que se chamon Lois Porteiro.

Ao relebralo oxe, podemos decire que o facemos afogados e-oa mesma dóor que nos feriu na malfadada hora en que morreu.

¡Pobre Porteiro! Os irmans teus no ideal redentor; os que temos por brúxula que señala nosos pasos na hutoazón a nazonalista gallega, aquelas doutrinas doce para aquél que se foi, entre bátheas de sabencia, que incansable espagoas acedas, deixándovos herdeiros d'un nome limpo e d'unha virtú sen lixos nen mágoas.

¡Nosos meniños cuia cariña inda que oxe como d'aquela, eres pra nos o que siguen sin mistura, viventes e latexantes nos peitos e nos cerebros dos bos e xene-

rosos, que as sostemos con coraxe e con crecemento maior cada día.

Si é certo que dende o mundo donde se vecha o teu espírito, podes ver os pasos e ter nas concencias dos que estamos engavolados na materia, pouco traballo che dará convencerse da verdade do que eu digo.

Ao lembrarte, podémolo facer sin que a vergoña tinga a nosa faciana e sin que nos roya o remorso.

Tristeira é esta data de loito pra todos os irmans: pro mais triste e negra é, pra terra, esnaquizada, abafada e aldraxada pol-os mesmos labercos e ladróns a quen ti tanto bourache, guindollas as caretas a trallazos, que ás veces facían mágoas: pra esta terra-nal escrava a que agora lle pareceu unha nava doeuza mais forte e mais noxenta e-as que de vello viña sufrindo, pois estas dimpois de toda eran feitas con aguillóns cravados por extranxeiros, namentras que aquela fanllá ¡iferindoa! xentes que din defendela.

Desleigados fillos de ideás, dos que ti dixeches nunha ocasión: "erén qu'o patriotismo é un caravel que froreze nos beizos e n-eles morre sin fixarxe en qu'e perciso tel-o coma luz no cerebro e coma fogo no peito, e facelo cos brazos e co peito".

Deixalos choutar. Por moito qu'esbarafunden non conquerirán mais e'o alongamento do mal que fa, seculos sófre, sin morrer, a nosa Galicia. Os seus ideás lricos ó alcontrarse cos nosos que son prácticos por que son razoados e xustos, desfaránse, como se desfa a escuma do mar contra d'os penedos.

¡Loitador! Durme acougado o sono da eternidade. Descansa mestre, que si n'este día temos que decir ainda contigo: "que si as campáns non repinican a gloria, tampouco dobran a morto: tocan a alba" axiña te despertarán, rubindo hasta a rexión donde se atopa o teu leito, en xeito de oracións, os berros dos vencedores, que ó deixar caer o martelo, esfarelando co ultimo bouro a derradeira engadella da cadea da escravitude, denantes de enxugar o suor que o traballo lles causou, posta a maxinación nos santos da causa tiran debir as gorxas: ¡Irmans!, as profecías dos bardos están cumpridas. Galicia é ceibe.

IGNACIO RODRIGUEZ.

Ollando a Cataluña

"CUADERNS D'ESTUDI"

N-a data en que lembramos a caída d'un loitador rexo e baril, que despreciou displicente e soberbo valiosos otorcementos que se opoñían ó seu cre-

do nazonalista, debemos faguer ensamen de concencia pra ver como correpodemos ó sacrificio que por nós pol-a nosa causa fixo. E n-ise ensamen é n-ester levantar os ollos por riba d'as nosas fronteiras e ouservare como o alieos cumpren c'os seus taumaturgo á o ideal santo d'o patriotismo, e como responden ás nobres ansias de redenzón e porgueso que todo fillo deberá pra súa patria natural.

Éstra a porguesiva Cataluña vai meu ollar, i-as miñas maus entretéñense en follear un esforzo d'os seus nobres fillos n-a eisecelenté revista mensual que se nomea ó empezo d'iste ringlós. «La Direcció d'Instrució pública de la Mancomunitat i el Consell de Pedagogía» imprentan aló en Barcelona a notabre revista donde se recollen as novas orientaciós d'a Ciencia pedagógia, d'a Filosofía, d'a Literatura e de cantos probremas deix-

a Actualidá sóbor d'o tapete d'a discusión. Pol-as súas nunca menos de 120 páxinas en cuarto, desfilan as mai afamadas firmas d'a inteleitualidá catalana. I-este esforzo espállase gratuitamente entre todol-os mestres e profesores de Cataluña. Cándo nós con quereiremos a forza económica necesaria pra faguel-o mesmo? Cándo des enrolaremos n-o pobo o sentimento patrio, o nazonalista, o d'a dinidá racial que nos permita unha aución cultural somellante? Ouh catalas!

Catro números de «Quaderns d'Estudi» teño encol da miña mesa de traballo. Un, e'o retrato ó frente, preséntanos ó suizo Claparède, autor d'o estudio notabrisimo «Psychologie de l'Enfant et Pédagogie expérimentale», que xuntamente con Binet en Francia, Meumann en Alemaña—véxase «Direcciones actuales de la pedagogía en Alemaña», de Guzuriaga, e mellor «Vorlesungen zur Einführung in die experimentelle Pädagogik», van Bierfiet en Bélxica i-a Montessori en Italia—véxase «La Pedagogía Montessori», por Leonor Serrano—asenta as bases d'a Pedagogía científica. N-o mesmo número, vertida ó catalán, aparece a famosa amonestación «A Demonice», de Sócrates, tan antiga (ano 374) e que tantas ensiñanzas ten

Eisí como recolle ista revista—n-outro número vexo traducidas ó catalán tamén, en verso, «As Bucólicas», de Virxilio—o bon viño que fica n-os odrellos, de igual xeito se recolle o novo X-eisi, traducido, vese n-outros núma-

ros, con magníficos retratos, un estudo d'o filósofo danés Sören Kierkegaard dito por Höfding; outro d'o italiano la fonética é disgregació, dialectalismo, particularitat. Adoptant el fonetismo pur, la nostra ortografía fóra diferente, seções les comarques; el catalá esterit d'un tortosí fóra tot altre que el catalá escrit d'un gironés. En canvi, feut prevallre l'etimología, no solamente el catalá escrit será únic, sinó que s'assemblará més, per a l'esguard, a les altres lengües llatines i no oporará tanta d'esquerperia a la curiositat dels estrangers....»

Prá honrar hoxe iste esforzo d'os catalás vou a copiare n-a súa propia lingua un anaco d'unhas d'as afamadas obras d'o cultismo «Xenius», que ten nuito de actualidá pra nós, e que apareceu n-o caderno de xaneiro pasado:

«Esriptures... Per aixó jo he tingut certa tossudería a apartar mos mics catalans de temptacions com ortografía fonética, per exemple. He volgut, al contrari, que, posats a peñar, pequéssim més tost pel cantó de l'etimología. Porque l'etimología és mitat i enllac amb les altes tradicions

i facilitació del comerç mundial i, per consegüent, imperialisme; mentres que la fonética és disgregació, dialectalismo, particularitat. Adoptant el fonetismo pur, la nostra ortografía fóra diferente, seções les comarques; el catalá esterit d'un tortosí fóra tot altre que el catalá escrit d'un gironés. En canvi, feut prevallre l'etimología, no solamente el catalá escrit será únic, sinó que s'assemblará més, per a l'esguard, a les altres lengües llatines i no oporará tanta d'esquerperia a la curiositat dels estrangers....»

O chorado morto que lembramos n-ista data dende o Misterio nos está impondo un mandato. Nos fitamos os ollos en Cataluña e vislumbramos un camiño que debemos seguire acomodand'ó ás nosas eisixencias. Il tamén puxo os seus malogrados pes n-il. «Sursum corda», galegos!

A. SANTOS VILA.

ÉL, VOLVERÁ....

Din que morreu; mais non é certo o dito.
Do paladín valente i-ésforzado
Tan sóio o corpo do loitar cansado
Seu acóugo atopóu no chan bendito.

Non; non morreu O Loitador invito
nin se perdéu o froito sementado;
vaise vendo a cotío acrecentado
o santo odio hacia ó opresor maldito.

Cando o pobo crebar queira a cadea
vergoñosa do escravo, e na pelea
brilen as fouces con fulgor de aceiro.

Penso ainda vel-o ó resprandor do lume
mostrando a senda que conduce ó cumo
nas fias dos que loitan, o pirmeiro.

F. ABELAIRA

O pensamento galeguista en Lois Porteiro

Temos qu'enmiudecen todol-os asuntos que tratan. Outros saben darlles un sentido pódese dar un senso localista de portas pra dentro. Porteiro, qu'era un espírito dos qu'amplían, doulle ó galearmos un senso universal. Viao espallarse en prespeutivas lontanisemas d'empo e d'espacio. Viao enchelo Atlán-

tico y-a Era futura. A pouco da sua morte. Xenius esquematizaría o porvir da saudade e da lembranza, n'unha visión transcendente da historia.

Sábese hoxe qu'a verdade non é unha cousa que se nos dea, nin que s'atope. Compre facela. A fé pragmatiza todas as verdades futuras. A fé é o «credo que non vemos» en devenir. Porteiro tiva esa «fides intrépida», que fai vivir todo en lume as verdades de mañán. A Galicia futura vivía xa no seu miolo. A primeira direutrice da sua natureza foi a «fé».

Podía, ademais, xenerar esta fé nos outros por indución. A este acto chamárialo eu a «elocuencia» de Porteiro. Houbéralo tido inda que non tivese fala inda que non soupera esquirbir... Era un «sobreabondo» d'ideal que tiña que surtir pra fóra d'él, en fluencia natural. Podería galeguizar ós galegos catalíteicamente.

O espírito de Porteiro estaba tamén talmente montado en modernidade sensibilizado tan com'un aparato de fi seca, que sismografiaba os mais pequenos movementos da i-alma galega, y-era com'unha antena pra ás ondas de pensamento que viñan dos catro puntos cardiais... Esta «sensibilidade» do homes d'agora, imitase á d'eses adiviños de correntes d'auga que van polo baixo da terra.

Eisi, o reló de Galicia iña xa polo meridiano de Greenwich... Ibamos a apurar todas as posibilidades da terra e da raza pra tomar axiña posesión do presente. E o camiño qu'él atopou.

Hasira, que chamemos á Atlántica «Mare nostrum».

VICENTE RISCO.

Ourense, Outono 1919.

Camiño da redención

No cabo d'ano da morte de Porteiro:

Outono: Frol doente,
descórda e muchada
que abala tristemente
antre a pálida pompa da enramada;
folla seca que leva
o curisco treidor;
curazón que se creba
e'o alento frío d'un finado amor;
princesa ensonadora
que de cote na torre
do seu castelo chora
o ben que espera i-esperando morre;
mesta brétema escura
que adianta rastroeira,
espallando friura
nas herbas tremecentes da pradeira.

¡Outono, triste outono,
fonte embruxada de enfermizo ensono!

Noite: Dona loitosa

en crespóns envolveita,

e sempre en dórosa

e mouna senda do vivir ergueita;

o creadora das pantasma;

que van nas estadeas,

o asombro con que pasmas

aos veciños sinxelos das aldeas;

negra visión das fondas
comocións; negra noite,
para espantar ti abondas
o curazón que o teu silencio escoite.

Pasa umh'ave voando
i-unha fouce rebrila,
fulgura, lostregando
e'o vivo resprandor d'unha pupila
misteriosa e xigante;
da fatídica sorte
chega o vento agoirante
e o friaxe da morte,
e na noite outonal
refunga aterecido o piñeirral.

A cibdá nobre e santa
dos soberbos moimentos
que cal airóns levanta
pol-o cristal azul dos firmamentos,
inconsolable chora
a perda d'outro amado.

¡Compostela, señora,
chorando estamos todos ao teu lado!
—Todol-os bós patriotas
que en épocas lonxanas
esceitamol-as notas
da vibrante canción das tuas campanas

Noite d'outono, morte,
Compostela dórida,
e un irmán nobre e forte
cal folla seca sobre o chan sin vida.
Preguémol fervorosos
e ouzamol-os rumores
dos ares queixumosos
que voan remexéndose en tremores;
eles o acento trán
do noso estinto irmán,
que deixou tras de sí, con louza estela,
un camiño de luz pra a nosa arela.

GONZALO LOPEZ ABENTE.

Outono de 1919.

Os Poetas mais novos de Portugal

Versos enviados A NOSA TERRA

MENINO E MOÇO

Menino e moço, o coração menino,
te levaram de casa de teus pais;
floriste a luz de olhar brando e divino
que te ollhou muito... e nunca te ollhou mais!

P'ra longes terras foste; e o teu destino
sabe-o Deus...? Sabe-o Ela...? Porque leis tais
o não sei eu, ó coração franzino?
As vossas novas onde m'as levais...?

Sonhaste o sol em doce primavera,
meu coração menino, e sol não era
a calma dessas graças enganosas...

Sorríste em flor ás mãos que te acenavam;
Sonhaste o sol, Amor... As flores murchavan...
E o sol, ó coração, não seca rosas!

NOVAIS TEIXEIRA.

AS IRMANDADES E O ARTE GALEGO

A II EXPOSICIÓN CRUÑESA DE IMELDO CORRAL



Se o nome do gran paisaxista ferrolán non foxe xa coñecido d'abondo, con esta Exposición conqueriría unha xusta soa. Tiñamolo, endeben, pol-o primeiro entr'os primeiros intérpretes da nosa Natureza. Mais agora superouse a si mesmo. Persenta unha obra grande—75 cadros e numerosos apuntes—, coase todos dínos das maiores gabanzas. En nove meses escasos, pintou canto espón, e algo mais que ten mandado ó certame d'arte galego de Bos Ares. Nengún dos nosos artistas dou, endexamáis, proba d'unha tan forte fecundidá. Soilo fitando o traballo que Imeldo ten á consideración do público na sala espléndida da «Irmandade» da Cruña pode un decatarse do seu mérito e da súa valía.

Non queremos n'estas liñas ensamiñare, unha por unha, todas as obras de ilustre paisaxista. Abóndanos con dare unha impresión conxunta.

Dende logo é lícito asegurar que Imeldo Corral, ós ollos dos intelixentes que fitan a realidade despoñados da teia d'araña dos prexuícios, merez o nome d'o millor paisaxista galego. Resulta o único paisaxista enxebre, xa que nos mais, inda que bós algúns d'eles, se poden acusar influencias estrañas. Imeldo fai o seu arte soilo e illado fronte da Natureza das mariñas ferrolanas. A súa alma proyeitada no paisaxe, é recollida logo pol-o pincel sobre do lenzo. Pinta o que ve com'o vé, sen consultar a ningúen, seguindo o pulo xenial do seu propio temperamento. A súa man, mes-

tra no trazo atrevido, seguro e valente, obedece ás impresións da retina. E a retina, como abella admirable, sabe sugar na espléndida sintonía dos nosos verdes enmeigadores o ségredo da tonalidade xusta en cada momento. Imeldo resulta decorativo, sen pensar no decorativo qu'é moitas veces o engado con que engaiolan o maltreito gosto do público a maioría dos pintores. Non abusa dos roxos «epatantes». Busca nos carnis e nos azues a fidelidade do corido, que atraí menos pero que s'axeita millor á realidá da Natureza. Imeldo, entregándose honradamente ó paisaxe, tampouco busca na copia d'animaes ou figuras humanas, distraicións para o atramente disimulo dos primeiros termos. Os paisaxes seus son coma fenestras abertas sobre a campía por unha man xenial, namorada de beleza, que orienta cheia de bô gosto a cantos deseian debrozarse n'ela para fitaren o mare, a lonxanía, os xogos do sol choutadoriño nos soutos e nos bosques, os ricunchos ateigados d'acougo e sosego, as corredeiras poéticas e meigas, as siluetas outivas dos eucaliptos e as agrestes visións dos pinos zoadores, os encaixes velaiños da brétema branca, as amarelas searas e os amplios vilares, as perpetivas campestres—anacos de verde e trechos xeométricos de terra ocre—que pechan os montes esvaídos confundidos c'o ceo, ond'as nubes loitan para ocultalo azul.

Imeldo posé una especialidá accidental; a de ser o primeiro paisaxista noso

que levou as corredeiras, como asunto único ós cadros. Posé outras duas especialidás esenciaes: a de entender os contra luces e os efectos de luz na mestura dos verdes sombrizos millor que ningúen, cando menos en Galicia; e a de ver as gradacións dos nosos verdes con xusteza insuperable.

Pol-o demais, él, a somellanza dos grandes paisaxistas ingleses loubados por Ruskin, dono do «misterio turneriano» sabe espiritoalizar as suas obras para darlles unha vida simbólica e suxeridora. Dixemos xa que non distraía ó público con figuras humanas ou de animaes. Mais, en troques, d'un moiño en ruínas, d'unha casa que fumea, d'un ración de brétema, d'un eucalipto, d'un castiñeiro vello, ou d'un pino, acerta a facer verdadeiros protagonistas dos seus lenzos. Mostra un pino tráxico, sobre un ceo mouro, que lembra un mudó monólogo, os horrores da ventisca e da chuvía invernal. Mostra outros pinos solitarios que parecen gardas fieles e cantores outivos do meigo paisaxe lonxano que as augas mortas de rías d'ensono parecen tere encantado. A primavera e o outono acenden do mesmo xeito o seu entusiasmo emotivo.

Se os nosos ricachós tivesen gosto, na Exposición de Imeldo non ficaría nengún cadro ou apunte sen mercadore.

Duas Exposicións leva feitas o gran paisaxista ferrolán, que ós ferroláns non agariman canto merez, para a súa vergoña, na «Irmandade» da Cruña. A d'este ano supera con moito á do ano derradeiro. Como que consagra definitivamente a Imeldo. Ten mandado tamén cadros as Exposicións de Belas Artes de Madri. Ten orgaizado na Casa de Galicia da Corte, outra que gabara a crítica. E concurriu igoalmente á de Bos Ares. ¿N'esta conquireu éxito? Coidamos que non. E valla falar algo sobr'o particular pois é oportunísimo.

Castelao, noso gran caricaturista, o mesmo que o notabre pintor lugués Corredoira, tiveron sempre sospeita de que o certame da Arxentina ía a ser un coase fracaso. E por eso non madaron traballos de seu alen. Houbó, con todo, un siñore que dend'un xornal cruñes censurounos, inda fai pouco. E agora todos hánse decatarse de que aqués artís-

tas estaban no certo. A Bos Ares, xunto con algunha obra notabre ia moita cativa. Esto xa resultaba grave, pois na Arxentina hai persoas intelixentísimas, en pintura, entr'os do país e algú de fora. E ó veren o moito cativo á beira do pouquiño bó, ¿non tiñan dereito a crer que o arte galego non estaba tan frolecente como por acó se ten dito? Esto

debera obrigar á escolma escrupulosa. Non se fixo. Endemal, as obras que atoparon mercadores fono catro ou cinco dos mestres; as mais mercáronse por amizade e compromiso, xeneralmente. Inda aseguran algú que houbo lápiz-roxo para marcal-as caixas e'os envíos. Con todo non se vendeu nen a carta parte das obras espostas. Inda pidindo

os d'alén rebaixa nos primeiros prezos ós artistas. ¿Querse meirande fracaso?

E agora vólveno a falar de Imeldo, cómprenos darlle a nosa embora pol-o seu novo éxito artístico na II Esposición individual mas importante da nosa Terra tanto pol-o número de cadros coma pol-o mérito dos mesmos.

Pol-a Biblioteca galeguista

Unha novela e un Compendio de Gramática galega

Próxima a se agotare a primeira edición da novela de Gonzalo López Abente que conquerira o premio no certame literario de A NOSA TERRA, facemos estas liñas para poñelo en coñecimento de todol-os amantes da literatura rexional. Cantos deseían que na súa colección de publicacións enxebres figure canto de mais notabre prodúcese en Galicia, teñen que se dare presas para adequirir «O Diputado por Veiramar».

Cantos leron a notabre e cómicamente trágica novela do ilustre autor de «Alentos da Raza» saben do mérito da mesma. Até agora nengunha mais moderna e axeitada ós gustos autuaes que o «Diputado por Veiramar». Soilo outra podería pórselle en parella: «O que ll'aconteceu o doutor Alveiros», de Vicente Risco. Ambas e duas sinalan o camiño a seguire pol-os literatos enxe-

bres novos. A de Risco, sin embargo, describe un ambiente exótico, namentras a de López Abente ten por escaerío un fermoso recuncho galego. Mais unha e mail-a outra, conqueriron un grandísimo éxito.

Repetimos que fican xa moi poucos exemplares de «O Diputado por Veiramar», pois unha boa mán d'eles axiña se terá de mandar a América. Non descoden, pois, o faguel-os pedidos á administración d'este boletín (María Pita, 17, baixo) tódol-os coleccionadores e amigos das boas letras enxebres. Maistarde non haberá existenzas da fermosísima novela de Gonzalo López Abente.

E o dito respeito «O Diputado por Veiramar», hai que apricalo tamén ao «Compendio de Gramática gallega». A edición d'este elegante folleto vai xa ca-

miño de romatarse. E se vende no mesmo lugar que a novela. O prezo da primeira é de tres réas; e o do segundo, de dous, francos de porte.

Tamén ditas obras pódense adequirir nas principaes librerías de Galicia.

O ouxeto d'estas liñas non é, coma moitos teñen dereito a sospeitar, un recamo administrativo, inda que o paraxa Escrebimos canto vai denantes debido a que chegan a nós moitas cartas nas que pergúntasenos se restan algúhos exemplares da novela e da Gramática para a venda.

Xa o saben—e vaia por derradeira vez a noticia—os que deseíaban sabelo: Fican poucos exemplares daqueles dous libros editados pol-a «Biblioteca galeguista» que axiña ofrecerá obras novas aos seus lectores.

COMPRACIDO

O señor Nunes, de Lisboa, préganos fagamos sabere que él que tamén asistiu ó Congreso galego, atopouno excelente. A galantería do cultísimo profesor non quer facerse solidaria de nengunha das nosas cenzuras. Mostra gratitudé para tódol-os cruñeses e galegos. E alleo a canto nós dixemos pol-a nosa conta. Séipanno aqueles a quenes interese.

Asin nol-o di o señor Nunes en longa cacta que oxe nos e imposible publicar porque o homenaxe que se consagra a Ponteiro n'este número ocupa moito espacio. Mais inda d'este xeito fica compracido o culto e galante profesor por tuqués, pois as suas suspiciacias aparecen en salvo con as liñas antecedentes.

Xunto con esto poderemos darlle unha boa nova: a de que, por influxo da «Irmandade», axiña voltarán a venderse na Cruña as obras mais notabres de literatura portuguesa, en portugués.

¡ESAS CAMARAS AGRICOLAS!

Novas niñadas de caciques

Na da Cruña, son vocaes un exalcalde de Betanzos, e os alcaldes d'Ortigueira e d'Oleiros, mais cinco deputados provinciaes.

D'estes cinco deputados provinciaes, samente un paga contribución por rústica; en troques os seus eleutores teñen pra seren taes eleutores, que pagar 25 pesetas ó Tesouro.

E decatádevos da cousa: d'aquelles cinco deputados, dous andiveron loitando pol-a presidencia da Cámara.

Dous mil eleutores había na Cruña, e ninguén votou. Nos distritos ruraes, en troques, algú vocaes tiveron mais da mileira de votos.

Moitas persoas das que aparecen votando, probouse que estaban fora dos logares da eleución.

Pois coma na Cruña, en Ourense, Pontevedra e Lugo. En Ourense o bugallalismo copou todol-os postos. En Lugo, tamén. En Pontevedra coase que todos son riestristas.

Para soster estas camarillas o Goberno autoriza a impoñer un recargo sobre a contribución.

Unha nova arma caciquil por se eran poucas as outras do consumo, os reparatos, as cédulas, etc.

Coidamos qu'estas Camarillas noxentas, obra do miserabre centralismo, nascerán mortas. Se asin non fose, soilo o consello do poeta podería salvarnos.

¡Irmáns, irmáns gallegos!

Dende Ortegá ó Miño
a folia do fouciño
fagamos rebrilar!

Antes que ser escravos,
¡irmáns, irmáns gallegos
que corra o sangue a regos
dend-a montaña ó mar...

A LÍRICA GALEGA

na actualidá

AGOÍÑA
DE DIOS

ERREB - CORUÑA

¡Agoa homilde, ágoa irmán,
 ágoa chea de gracia, de dozura e beleza,
 ágoa crara, ágoa sán,
 que eres toda limpeza,
 craridade e saúde
 e fartura de pan,
 que eres toda virtude

contra o aire do sapo, o ferrón do alacrán,
 a pezoña da cobra e a oentada do can!
 Agoa boa que prega, e que ri, e que canta,
 ¡entre total-as cousas eres bendita e santa!

E dos vermes e os homes este mundo emporcado,
 este berea de dor...

é dos santos e os anxos ese ceo azuado,
 a diviña seara
 onde trunfa o amor...

a ágoa boa, a ágoa homilde, a ágoa crara,
 é de Noso Señor!

Nas adoas do orballo de locente feitizo,
 nos pelouros saltóns do pedrizo,
 nos cristás da xiada,
 no milagre da choiva,
 na folerpa da neve bordada
 como encaixe de noiva,

na folerpa da neve tecida
 como velo de freira,
 barbullada das fontes da vida,
 lanzal mensaxeira
 das outas rexións,

a ágoa homilde, mainiña, rideira,
 chega sempre mandada de Dios!

Cando baixa do ceo, ven ó mundo a alegría
 e brilan os penedos e reloce a campia
 e cóbrense de follas carballos e silveiras
 e surden as herbiñas á veira dos camiños,
 verdexan os liñares, frorecen as roseiras
 e cantan os muiños!

Ó seu bico amoroso, a terra estremeceida
 sinte na entraña morta o latexo da vida,
 e do gran enterrado

na torroeira lañada pol-o ferro do arado,
 do gran apodrecido,
 sai o varal erguido
 da espiga coroado,

da espiga farturenta que é pan de bendición
 —ledicia, paz, quentura, risada do fogar—
 e carne de Dios, viva,—a carne da Pasión—
 no misterio do altar!

¡Agoíña milagreira
 nas pedras saloucante, nos regos rexoubeira,
 belidora no monte, repousada no val,
 dame a tña homildade,
 enche-me de craridade,
 limpane de todo mal!

E ti, agoíña mansa, silenzosa e tristeira,
 no rodicio batida,
 na presa escravizada e prisioneira
 e do pozo nas trevas afundida
 e fedenta e enlixada na lameira,
 sofre do mal das almas, sofre do mal de amor,
 sofre, chora e padece como Noso Señor!

¡Soio o dor é salvador!
 ¡Unha pinga de ágoa
 é a bágoa!
 ¡E a bágoa é o dor!

¡Home que choras! ¡Nunca lle terás de pagar
 o ben que a Dios lle debes porque podes chorar
 ¡A bágoa do traballo

— da bandarria e do pico, do legón e do mallo—
 é a pinga de suor!
 ¡Home traballador,
 e do suor na frente
 e a man encortizada pol-o callo!
 ¡Dios te terá presente!

¡Oh suor purificante,
 o do traballo abafante,
 o do longo camiño polvorento
 co-a cruz ás costas, soio, sin alento...!

¡Oh bágoa santificante,
 a da fonda ferida,
 a da espranza fuxida,
 a da morta ilusión...!

¡Coróame a frente doída e runxida,
 suor santo do mallo e o legón!
 ¡Agoa santa das bágoas, recendo da vida,
 escalda os meus ollos e o meu corazón!

RAMON CABANILLAS.

Terra de Mos. No outono de 1919.

ESTÓREA E CRÍTICA

Nuno Gonçalves i-a Pintura galego-portuguesa do cuatrocento

I

A idea de ter habido unha escola autónoma de pintura galego-portuguesa no século XV, ou antes se cuadra, foi esposta pol-o crítico portugués Xosé de Figueiredo, no seu libro sóbor do retábulo do altar de San Vicente da Sé de Lisboa, feito polo pintore d'El Rei don Alfonso V de Portugal, Nuno Gonçalves («Arte portuguesa primitiva. O pintor Nuno Gonçalves», por José de Figueiredo, Lisboa, typ. de Anuario Commercial, Praça dos Restauradores, 27, 1910).

Hastr'enton tñas admitido qu'a pintura portuguesa dos séculos XV e XVI traguía a sua orixe da pintura flamenga y-ainda o ilustre crítico Xoaquín de Vasconcellos dera como data d'onde partiu o desenvolvemento da pintura lusitana, o ano de 1428 en qu'o gran pintore flamengo Jan Van Eyck, que viña co-a embaixada mandada polo duque Felipe de Borgoña pra pedir a man da filla d'El Re. D. Kan I, tomou terra en Lisboa. E así, o fondo realismo dos pintores portugueses, y-a técnica tan perfecta de Nuno Gonçalves, serían depreñidos dos pintores flamengos.

Mais Xosé de Figueiredo, no debido e luminoso estudio que fixo das táboas de Nuno Gonçalves, tira conserusións que mingóan a influencia de Van Eyck



VICENTE RISCO

Un dos galeguistas mais culto e o pensador galego mais orixinal

e dos mais flamengos na arte portuguesa, y-esas conserusións teñen pra nós un interés decisivo pois levan á afirmación da existencia d'unha escola autónoma galego-portuguesa, que veu a ser contemporánea de flamenga.

O autor portugués sinala en Nuno

Gonçalves particularidás de sentimento e de conceución qu'o separan dos pintores dos Países Baixos; particularidás de sentimento e de conceución que unxen a realidade puxente, escrupulosamente oservada con que Nuno Gonçalves fai vivir ás suas figuras, d'unha misteca sensibilidade, d'unha sereidá sinxela e recollida que sen dúbida lle foi suxerida pola i-alma da nosa raza e pola natureza das nosas terras atlánticas. E sinala tamén en Nuno Gonçalves adiantos na técnica, no emprego das coores, na compresión do clarescuro, nos que sobrepasa, non sómentes a Van Eyck, senon a outros mestres que viñeron despois. E de certo que se non comprendería ben esto, s'a pintura portuguesa fora filla serodia da flamenga, e non mais ben desenvolvemento d'unha escola nacional mais antiga. Non se sabe cando foron pintadas as táboas de San Vicente, mais foi con seguridá antes de 1471; dende 1428 qu'estivo en Portugal Van Eyck van 43 anos, pouco tempo pra qu'os portugueses chegaran a s'asimilaren a arte dos seus mestres ó caracterizaren a sua escola, e o pasaren por diante d'eles na técnica e no clarescuro, cousa tan traballosa cand'un pobo anda nos primeiros pasos d'unha arte calquera.

Nuno Gonçalves é efeutivamente un mestre feito e dirito, e non un disci-

pulo d'escola ningunha. Nomeado pintor d'El Rei Alfonso V de Portugal, en 20 de Santiago de 1450, pagándoll'ó ano 12.000 reás brancos, en 6 d'Abril de 1452 subíral' a soldada en 1.432 reás a maores do que tiña, e mais n-unha peza de pano pra se vestir, e logo, en 1471, o Rei, tirall' o encargo a João Ares e dallo a Nuno Gonçalves. Do que pintou, coñcéense os 6 paneis do retábulo de San Vicente, descubertos en 1882 no Pazo do Patriarca de Lisboa por Columbano e mais Henriques d'Oliveira, y-estudiados logo por Vasconcellos e Figueiredo, qu'os fixo restaurar polo mestre Luciano Freire en 1909, pois houbéranos retocado por tres veces, e gracios que d'unha das veces déronlles unha man de barniz que lle valeu a vida á pintura primitiva. Françoisco de Hollanda no seu libro «Da Pintura antiga» di que Gonçalves pintou tamén n'unha capela do mosteiro da Trinidad unha faxelación de Noso Señor.

Os painés do retábulo de San Vicente, pola disposición que lles da Figueiredo, compoñen dous trípticos. Poucos días viñeron algú d'eles reproducidos na «Esfera», e unhas liñas por abaixo de Carne de Burgos, feitas dempois de revolver catro follas do libro de Figueiredo, pra logo deixar voa cousas, como que as táboas de Nuno Gonçalves foron barnizadas, e por riba pintaron «outro asunto» e que «Esc sacerdote de la izquierda que lleva un libro abierto es un tipo grosero, autoritario, lejano a la religiosidad que qui so darle al conjunto», (figura que por certo non ven nas reproducións da «Esfera» onde non hai mais figura con libro qu'a doceisima y-apacibre de San Vicente). S'houbera lido o libro de Figueiredo, sabería qu'o persoaxe que di non é un crego, sinon un xudío qu'está c'un libro aberto no painel da reliquia, e que leva no peito a estrela vermella distintivo dos xudíos, según as Ordeações Affonsinas», título 86 libro II.

Os dous trípticos están compostos un polos painés «do Infante», no centro, y-os «dos Frades» e «da Reliquia» un de cada lado. No do medio está San Vicente Mártir, en traxe de diácono, cos Evanxelos abertos, c'unha carriña mesmo d'anxo, inocente e pura; un tenue resplandor de raios dourados nimba a sua testa. O redor, en adoración, están Affonso V y-a Rainha doña Isabel de xionllos, y-os Infantes don Xan, logo Xan II, e don Enrique o Navegante, unha relixiosa franciscana que pode ser a Duquesa de Coimbra ou a de Braganza, e mais outros 11 persoaxes, dos que, o que cadra no cabo á man esquerda, di Figueiredo que é o propio pintore Nuno Gonçalves. No painel da reliquia hai un señor que leva nun pano un óso temporal do Santo única reliquia d'el qu'hai en Portugal, fora da Sé de Lisboa que conserva o corpo. Logo ven o «sacerdote» de Carne de Burgos, que seica é o Xefe dos Rabinos, ou o Astrólogo d'Affonso V, un velliño estupendo, apoiado nun pau,

e dous cregos de pelliz. No dos frades, hai tres de xionllos, co hábito do Cister, un deles c'unhas longas barbas que lle cruben o peito, facha severa de místico práctico, de misoneiro en lonxes terras, cecais unhas das cholos onde xermolou, coma na do Infante don Enrique, co-a ansia de propagación da fé de Cristo, a arela imensa de imperalismo portugués, que quen sab'on l'houbera levado ó mundo, si chega á ser unha expansión atlántica, así como a tivo oriental... ¡Que diferencia untr'esta figura y-o velliño resignado qu'está ó lado do xudío, no painel da reliquia! Aquil velliño parece un dos nosos labregos. Cecais n'esa soberba apoteose do Portugal qu'enton s'estaba formando, do Portugal da Cruzada dos descubrimentos, que Nuno Gonçalves deixou feita n'este retábulo, ese velliño significa o esforzo calado das entes pequenas, do esforzo d'aguante e de resistencia d'onde saeu ó fin e de resistencia d'onde saen ó fin a...

O outro tríptico ten no médeo o painel «do Arcebispo» y-os lados o «dos avaleiros» y-o «dos pescantes». No primeiro aparece de novo o Santiño, o seu traxe de diácono, cos Evanxelos metidos na funda debaixo do brazo, bendecendo a cinco guerreiros de rilantes armas qu'o arrodean. Tras este grupo o Arcebispo don Affonso Vogueira c'os seus conegos envoltos n'ricas capas, pluvias, pulidas e severas faces eclesiásticas, afeitadas á soledá das cerimonia metropolitanas. Na squina d'enriba, á man direita, o croista Eannes de Azurara, leva debaixo do brazo o infolio en que refiriu a conquista de Guinea. No painel dos avaleiros, o de mais «gótica» fatura e todos, os príncipes da casa de Braganza, o mais grande da fidalguía portuguesa: o Duque de Braganza, o Marqués de Villaviciosa, o Conde de Guinaraes, e tras d'eles, con face barbu a requemada da raxeira africana. Don Duarte de Menezes, Conde de Iana, qu'ilustrou as suas armas na cruzada de Portugal contra dos mouros. No dos pescantis hai en primeiro término, n'un escorzo d'aqueles er qu'o Greco descoyunta as figuras da «Resurección» ou do «Pentecostés», un home, un ofercido d'esos que nas romaxes vemos andar d'arrastro de xionllos ó redor do santuario, un velle que fose ós Milagros, ou a San Andrés de Teixido. Fincado de brazos e pernas dobrados no chao; c'os ollos perdidos non sei onde, bica as doas d'un rosario c'un bico calado e longo que non acaba xamais. Mais esta non é a penitencia sanguínea, retorcida, que pintan os crásicos españoles; achámono ben lonxe da piedade neurótica e convulsionaria. E a fé da nosa raza que non precisa das excitacións masoquista qu'enchen os lenzos de Ribera. Detrá envoltos n'unhas redes, os fundadores do poderío de Portugal, poda que mai qu'os fidalgos y-os homes d'armas, y-os homes da eirexa: os mariñeiros do mar.

Retratos indubidables, d'unha fidelidade á realidade que ven os ollos, á expresión persoalísima dos modelos, que Ruskín houbera atopado exemprar, as figuras de Nuno Gonçalves están dispostas c'unha intencionada harmonía simbólica, que ten en conta hastra a ponderación fisionómica dos persoaxes, n'unha «composición interna», coma se dixéramos, dos trípticos (á que non foi alleo, sen dúbida Affonso V) que contribúe dun xeito visible a que «externamente», á vista, os trípticos nos resulten compostos de man de mestre.

E no é esto solo o que temos que considerar na obra do gran pintore portugués. Guiados pola aguda intuición artística de Xosé Figueiredo, chegamos, na análise das táboas de San Vicente, a determinar, polo estudio da arte e do procedimento de Nuno Gonçalves, unha psicología artística n'este pintore, que é a nosa maneira de sentir e de facer galega, escrita. Porque, como di o crítico lusitano, se Gonçalves non chega á perfección de Van Eyck na solidez do dibuxo e na finura do acabamento, se non ten a comprensión da prespeutiva do pintore flamengo, nen conseguiu darlle ás suas táboas outro fondo qu'o fondo astrauto, uniformemente azul dos byzantinos, en troques, excédelle moito a Van Eyck no sentimento, no coorido, na sinceridade e realidade dos panexamentos, na expresión espiritual das faces retratadas. Todas elas calidades ben nosas, especialmente a sensibilidade e mais a harmonía dos coores, filla non somentes da nosa natureza bretemosa, mais ainda da nosa i-alma tan carauterísticamente «musical». Razón ten porén, o noso Castela, ó decire que Nuno Gonçalves é un pintore noso, e o «noso primitivo». E no que se puxo de todo por riba de todol-os flamengos do seu tempo e de moitos anos a vir, foi na comprensión do clarescuro, que deu en efectos de detalle e realiza ás veces pintando á «pleine pâte». Tamén esto lle veu d'haber aducado a sua retina na luz das nosas terras atlánticas matizada pola brétema.

A pintura galego-portuguesa, tivo porén un primitivo que se pode por calquera dos grandes mestres italianos ou flamengos.

VICENTE RISCO.

Ourense, 1919.

Prégase a todol-os suscriptores que non reciban o noso boletín manden a queixa ao admiñistrador pra facer a reclamación no correo.

Prégase asimesmo aos que teñen a suscripción en descuberto, remitan o importe pol-o xiro postal.

Imp. de «El Noroeste», Real, 26

False cárrego de todas
cras de traballos grá-
ficos, en imprenta, lito-
grafía e fotograbado,
ansi coma sellos de
caucho

A Papeleira Galega



"PATENTE-SALVAVIDAS,,

O millor pra pintar os
fondos dos barcos. Ga-
nou Diproma de Honore,
Gran premio e medalla
d'ouro nas Exposicións
de París e Londres.

REPRESENTANTE:

V. P. CHAGÓN--Vigo



COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Salida do porto da Cruña para Bahía, Rio de Xaneiro, Santos,
Montevideo e Bos-Aires

O día 2 de Noviembre de 1919, aproisimadamente e sa'vo continxencias, sairá do porto
da CRUÑA o paquebot correo francés


SAMARA

Ademite pasaxeiros de primeira, segunda, segunda intermedia e terceira crase.

Prezo do pasaxe en terceira crase ao Brasil, Montevideo e Bos Aires Pesetas 384'60

Para mais informes dirixirse aos seus consignatarios:

Sres. OYA GLARD e COMPANIA, (S. en C), Praza d'Ourense 2 B e Feixóo, 2.—A CRUNA



Compañía Chargeur Reunis

Pra os portos de MONTEVIDEO e BOS-AIRES, sairá da
CRUÑA sobor do 9 d'Outono, o lixeiro e magnífico vapor

TROUDE

Admite pasaxeiros de 1.^a e 2.^a crase e 2.^a económica.

Prezo do boleto de TERCEIRA crase Pesetas 354'60

* medio boleto * * * 189'60

Nenos mais novos de dous anos, un gratis por familia.

De dous a 10 anos, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 anos, pasaxe enteiro.

NOTA INTERESANTE.—As mulleres que leven nenos que non chegan aos 10 anos, chauadas pol-os seus maridos, non poder
embarcaren pra BOS-AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION
de BOS-AIRES, permitiéndolles o desembarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non teñen valor algun, as cartas de chamada, autori-
zacións, nin poderes dados ante os Consúles hespañoles.

As mulleres que se atopen n'estas condicións e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar.
Tamen teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non vaian acompañados da sua
familia.

O día fixo da saída anunciaráse con oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n'esta Agencia o día 5 d'Outono pol-a mañán,

Pra informes dirixirse aos Agentes Xeneraes en Hespaña,

ANTONIO CONDE (Fillos).—PRAZA d'OURENSE, 2—A CRUÑA

LA PROVEEDORA GALLEGA

DE


Xuan Vázquez Pereiro

A mil or fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rua estreita de San Andrés.--A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todo os días unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? porque os chocolates que fai ista casa, fanse cós milleres productos i-a limpeza mais eisqu sita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDESIVOS



GRANDES TALLERES

DE LAVADO E PRANCHADO
DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centraes:

A Cruña: Cantón Pequeno, 12
Vigo: Praza da Constitución, 12

Sucursaes na Cruña:

Estreita de San Andrés, 12
Praza de Azcárraga, 4
Sad Agustín, 22

Sucursal en Vigo:

Circo, núm. 5

Todal-as nosas sucursaes ostentan un letreiro como sinal, que é reprodución da marca de garantía aquí estampada. Reíbense encargos de lora, y-es pídense por medio das nosas sucursaes. Si no lugar o de vostede reside non-a hav, sírvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encargos.

Os viños e coñás millores

son os que'sporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouh-mais selecto

de mundial e reconocido sona é o ZINZANO (Torino).

Pra viños de mesa

non hay outros com'ós dos cosecheiros esportadores Señores R. LOPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

Representante esclusivo (matriculado) de todas istas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A Cruña


EL NOROESTE

XORNAL DA CRUÑA

O millor informado da rexión galega

Longas conferencias pol-as Axencias

FABRA e RADIO (ultramoderna)



LLOYD REAL HOLANDÉS

AMSTERDAM

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina pol-os acretados vapores-correios.

GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA

Saidas fixas-regulars da Cruña e Vigo, adimitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, 2.ª intermedia e 3.ª clás.

Pra i formes respeito a datas de saidas e prezos de pasaxes dirixirse ó Axeute xeneral da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO

EFFECTOS NAVALES

— DE —

FERRER Y COMPAÑIA—SUCESORES

F. BERTRAN e MIRAMBELL

Vigo e A Cruña

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores

GRAN FONDA

Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102—A CRUÑA

O novo dono dista fonda, no seu deseio de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

LA MODERNISTA

GRAN SALÓN DE BARBERÍA

— DE —

RAMOS E ACEA

San Andrés, 94-1.º—A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos hixiénicos. Especialidade en lavados de cabeza, locíos e friciós de todas clases.

Nota: N'este estabrecimento atopara o público un servicio permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das mais importantes peluquerías desta capital.

**LA SALUD
CASA DE BAÑOS**

A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

Abonos Químicos Mineraes

Cementos, Sulfato de cobre, Azufres,

Calo Bordanés ROUCH

Rexenerador ROSTTAM pra os animais debles; pra que as galiñas poñan mais hovos, etcétera.

Pídanse prezos e condizós a

Fernández, Faño y C.a—A CRUÑA

Materiales de Construcción

CEMENTO ASLAND

MADEIRAS—CARBÓN

Centro Xeneral de Seguros

Ignacio Pedregal

NA CRUÑA

Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO

O MAIS NOVO E MILLOB

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece sur visitado

**Frábica Mecánica
:-: de Calzado :-:**

— DE —

ANXEL SENRA

RUA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

Hotel Continental

CASTELAR, 8 e OLMOS, 28

O MELLOR SESVIDO

— DE —

M. Losada Prado

A CRUÑA


FARMACIA EUROPEA

— DE —

LOPEZ ABENTE

REAL, 55

A millor surtida da Cruña e un dos estabrecimentos da súa crase que mais honran a Galicia. Montada con arreglo ós derradeiros adiantos.



COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios directos dende o porto da Cruña

O 31 d'Outono aprosimadamente e salvo continxencias, sairá para a Habana e Veracruz o rápido paquete correo

Prezos do pasaxe (incruído-os impostos)

	Habana	Veracruz
Ponte paseo:		
Camarotes de luxo.	Plas. 2.053'75	2.138'75
Id. est riores.	» 1.668'75	1.753'75
Primeira crase		
Ponte superior:		
Camarotes est riores.	» 1.498'75	1.593'75
Id. interiores.	» 1.293'75	1.378'75
Ponte inferior	» 1.293'75	1.378'75
Segunda crase.	» 1.103'75	1.088'75
Preferencia.	» 808'60	798'60
TERCEIª A CRASE.	» 328'60	343'60

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente. O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía. Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consinatario

D. NICANDRO FARIÑA.—Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo